



Asunto: Resolución de inscripción da xunta directiva.

Con data 13 de decembro de 2024 recibíuse a solicitude de inscripción da modificación da xunta directiva, formulada por SANDRA MARIA IGLESIAS BARRAL en nome e representación da ASOCIACIÓN DE MADRES Y PADRES DE ALUMNOS Y ALUMNAS DEL COLEGIO MANUEL PELETEIRO Y CENTRO DE EDUCACIÓN INFANTIL DOLORES RAMOS inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Coruña, co núm. **1971/000216-1**, e tendo en conta os seguintes FEITOS:

Único. Xunto coa solicitude presentouse acta ou certificación do acordo adoptado pola asemblea xeral da Asociación en data 11 de novembro de 2024, na que consta a identidade das persoas titulares da xunta directiva ou órgano de representación da entidade, e os seus respectivos cargos, coa seguinte composición:

Presidente/a	AIDA MARIA GARCIA ALVELA
Vicepresidente/a	MARTA LADRA GONZALEZ
Secretario/a	RAQUEL ALMAZAN ORTEGA
Tesoureiro/a	MARTA DAPENA CALVO
Vogal	ANA MARGARITA GREGORIO ROIG
Vogal	SABELA DEL RIO FERNANDEZ
Vogal	MARIA JESUS VAZQUEZ BOL
Vogal	ROCIO NIETO GONZALEZ
Vogal	MARIA VALLADARES DURAN
Vogal	MARIA ELENA RIVAS FERNANDEZ
Vogal	MARITZA IRENE MONTAOS ALVAREZ
Vogal	MELANIE RODRIGUEZ
Vogal	MARIA BELEN YAÑEZ BARDELAS
Vogal	SANDRA MARIA IGLESIAS BARRAL
Vogal	YOLANDA LORENZO MAHIA

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Primeiro. O artigo 22 da Constitución española reconece o dereito de asociación, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, reconece e regula o dereito de asociación e o Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións, establece os requisitos substantivos e de carácter formal que deben cumprir este tipo de entidades para seren inscritas.

Segundo. O Decreto 336/1996, do 13 de setembro, sobre asunción de funcións e servizos transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións e espectáculos públicos, respectivamente, polos reais decretos 1639/1996 e 1640/1996, ámbolos dous do 5 de xullo, e a súa asignación á Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais; e o Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións e se regula a organización e o funcionamento dos rexistros de





asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, determinan a competencia rexistral desta Administración en materia de asociacións.

Terceiro. En aplicación desta normativa, unha vez examinada a documentación incorporada ao expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos para a súa inscrición no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma.

Cuarto. A Directora territorial da Coruña é competente para resolver este procedemento, en virtude do Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, RESOLVO:

Inscribir as persoas titulares da xunta directiva ou órgano de representación da ASOCIACIÓN DE MADRES Y PADRES DE ALUMNOS Y ALUMNAS DEL COLEGIO MANUEL PELETEIRO Y CENTRO DE EDUCACIÓN INFANTIL DOLORES RAMOS de conformidade co expresado no feito único desta resolución, e depositar no Rexistro a documentación preceptiva para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución. Esta inscrición non exonera as persoas interesadas do cumprimento da normativa vixente reguladora das actividades necesarias para o desenvolvemento dos fins estatutarios.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, no prazo dun mes, de acordo co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

A directora territorial

María del Mar Ferreiro Broz

